

CADERNOS

DO SINDICATO NACIONAL DE CC OO

A pobreza en Galicia

CCOO

Cadernos do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia

A pobreza en Galicia

Outubro de 2022

Elaboración: Secretaría de Empleo, Política Social
e Políticas de Públicas de Protección



**XUNTA
DE GALICIA**

ÍNDICE

Introducción.....	5
A pobreza en Galicia.....	5
As políticas de protección.....	12
Conclusiones	15

CC000

INTRODUCCIÓN

Desde hai uns anos, as cotas de pobreza, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, son alarmantes. Iso obríganos a estudar os datos que a evidencian para coñecer a súa incidencia e, así, poder facer propostas e esixir a posta en marcha de medidas efectivas que consigan revertir os seus efectos na poboación que a sofre.

Coincidindo coa conmemoración do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, apoiámonos nos datos da última Enquisa de condicións de vida do INE para aproximarnos á situación de pobreza da poboación galega que ofrece o resultado das enquisas realizadas no 2021; nelas preguntouse polos ingresos no 2020, que reflecían as consecuencias económicas da pandemia. Ademais, recóllense outras moitas preguntas sobre condicións de vida referidas ao momento da entrevista (ano 2021).

Debemos sinalar, non obstante, que a Enquisa de condicións de vida se realiza sobre unha importante mostra de poboación que reside en vivendas, polo que quedan fóra do estudo as persoas sen fogar que, sen dúbida, se fosen tidas en conta, aumentarían a porcentaxe de persoas en risco de pobreza e/ou pobreza grave.

A POBREZA EN GALICIA

O primeiro indicador que analizamos é o limiar da pobreza: cando se carece dos ingresos necesarios para satisfacer todas ou parte das necesidades básicas, consono os criterios dun determinado tempo e sociedade.

Defínese, entón, como «poboación en risco de pobreza» as persoas que teñen ingresos inferiores ao 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo (EUROSTAT).

Limiar de pobreza

O **limiar de pobreza** no 2021 (calculado con datos de ingresos do 2020) sitúase en 9535 € para fogares unipersoais (un 0,9 % menos do estimado no ano anterior). En fogares compostos por dúas persoas adultas e dúas menores de 14 anos, ese limiar foi de 20 024 €. É dicir, estarían en risco de pobreza todas as persoas con ingresos anuais inferiores a 9535 €.

Táboa 1. EVOLUCIÓN LIMIAR POBREZA

EVOLUCIÓN LIMIAR	FOGARES UNHA PERSOA/FOGAR	FOGARES 2 P. ADULTAS E 2 NENOS/AS
2011	8.358 €	17.551 €
2012	8.321 €	17.473 €
2013	8.114 €	17.040 €
2014	7.961 €	16.719 €
2015	8.011 €	16.823 €
2016	8.209 €	17.238 €
2017	8.522 €	17.896 €
2018	8.871 €	18.629 €
2019	9.009 €	18.919 €
2020	9.626 €	20.215 €
2021	9.535 €	20.024 €

FONTE: INE. Enquisa de condicións de vida. Datos para España.
Elaboración propia

Segundo os datos da táboa 1, o limiar de pobreza baixou paulatinamente ata o 2014, o que non quere dicir que houbo menos persoas en risco de pobreza, senón que a masa salarial do conxunto da poboación española foi baixando e, polo tanto, tamén o 60 % desa renda. O incremento rexistrado no 2015 rachou esa tendencia e mantívose ata o 2020 para diminuír, como xa se indicou, no 2021 polo impacto da crise derivada da pandemia.

Pobreza

A **taxa de risco de pobreza** indica a porcentaxe de poboación que ten ingresos inferiores ao 60 % da renda mediana (9535 €). No último ano, a taxa de pobreza en Galicia diminúe en case dous puntos ata situarse no 20,2 %, 1,5 puntos por baixo da taxa estatal. A taxa de pobreza galega diminúe no 2021, mentres que a estatal medra.

A pobreza afecta ao 20,2 % da poboación galega: 1 de cada 5 galegos e galegas son pobres. Dito doutro xeito, 544 520 persoas viven en risco de pobreza en Galicia. Non obstante, a evolución da pobreza en Galicia amosa que mesmo nos momentos de progreso económico se manteñen unhas taxas de risco de pobreza alarmantes, polo que poderíamos dicir que a pobreza é unha realidade estrutural na comunidade.


Táboa 2. TAXA DE RISCO DE POBREZA

	GALICIA	ESTADO
2011	16,1 %	26,6 %
2012	18,3 %	20,8 %
2013	17,2 %	20,4 %
2014	15,4 %	22,2 %
2015	19,4 %	22,1 %
2016	19,0 %	22,3 %
2017	18,7 %	21,6 %
2018	18,8 %	21,5 %
2019	20,0 %	20,7 %
2020	22,1 %	21,0 %
2021	20,2 %	21,7 %

FONTE: INE. Enquisa de condicións de vida.
Elaboración propia

Outra variable que pode servirnosa como aproximación é o número de fogares sen perceptores de ingresos, que no 2021 alcanzaba os 30 800 fogares en Galicia.

Gráfica 1. FOGARES ONDE NON ENTRA NINGÚN INGRESO



FONTE: IGE. Enquisa de poboación activa. Elaboración propia

Renda e desigualdade

A **renda media** por persoa alcanza os 11 453 euros, o que supón unha redución de 16 euros (0,14 %) con respecto ao ano anterior. Pola súa banda, a renda media no conxunto do Estado alcanzou os 12 269 euros, diminuíu o 0,2 % (23 euros menos).

Por outra parte, a renda media por persoa en Galicia é inferior á do Estado en todo o período analizado. No 2011, a diferenza entre ambas era de 488 euros; dez anos

máis tarde, a diferenza case é o dobre: 816 euros menos en Galicia. A pesar diso, a taxa de risco de pobreza en Galicia é inferior á estatal en todo o período analizado excepto no ano 2020.


Táboa 3. RENDA MEDIA POR PERSOA

	GALICIA	ESTADO
2011	10.370	10.858
2012	10.266	10.795
2013	10.106	10.531
2014	10.235	10.391
2015	10.212	10.419
2016	10.439	10.708
2017	10.753	11.074
2018	11.239	11.412
2019	11.218	11.680
2020	11.469	12.292
2021	11.453	12.269

FONTE: INE. Enquisa de condicións de vida.
Elaboración propia

No 2020, cos últimos datos dispoñibles por comunidades autónomas, o incremento da renda media non se traduciu nunha redución apreciable da desigualdade, estimada a través do indicador S80/S20, que mide a proporción de ingresos totais percibidos polo 20 % da poboación con maiores ingresos con respecto á percibida polo 20 % con menores ingresos. Canto máis elevado é o valor do indicador, maior é a desigualdade entre os grupos extremos da poboación en que se mide.

Gráfica 2. DESIGUALDADE (S80/S20) DA DISTRIBUCIÓN DA RENDA



FONTE: INE. Enquisa de condicións de vida. Elaboración propia

Segundo os datos deste ano, no 2020, o 20 % máis rico da poboación ten unha renda neta 5,3 veces superior á do 20 % máis pobre. A gráfica mostra que a desigualdade aínda é máis intensa ca a que había no ano 2010.

No ámbito estatal si hai datos para 2021 e amosan que, aínda que a diminución da renda media é escasa, produciuse un importante aumento da desigualdade en termos do indicador S80/S20 que pasa do 5,8 no 2020 ao 6,2 no 2021; é dicir, unha variación do 6,9 %.

ARPE

A UE definiu un indicador para medir o obxectivo en materia de pobreza e exclusión social, incluído na Estratexia Europa 2020: a **taxa AROPE** (siglas en inglés de *At Risk Of Poverty or social Exclución*) que combina tres conceptos: pobreza, privación material grave e baixa intensidade de traballo do fogar.

A taxa AROPE de risco de pobreza ou exclusión social modificouse no 2021 de acordo cos novos obxectivos da Estratexia Europa 2030. Defínese como aquela poboación que está, polo menos, nalgunha destas tres situacións:

- Risco de pobreza (a súa definición non cambia respecto ao indicador antigo)
- Carencia material e social severa (engádese carencia social)
- Baixa intensidade no emprego (nova definición 2021)

Por tanto, no indicador novo modificáronse dous dos seus tres compoñentes. A continuación detállanse ambas as modificacións.

Risco de pobreza (non cambia a definición respecto do indicador antigo)

A pobreza consiste en dispor duns ingresos inferiores ao 60 % da renda mediana nacional por unidade de consumo equivalente, o que constitúe o limiar de pobreza.

Carencia material e social severa (engádese carencia social)

A «carencia material severa» do antigo indicador substitúese polo novo concepto «carencia material e social severa», que se calcula de forma separada para cada membro do fogar. Este novo indicador constrúese con 13 compoñentes, dos cales sete se definen referíndose ao fogar e seis son persoais, diferentes para cada membro do fogar. Unha persoa está en situación de carencia material e social severa se padece, polo menos, sete das 13 limitacións que forman a lista.

O sete conceptos definidos para o fogar son:

- Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano.
- Non pode permitirse unha comida de carne, polo ou peixe polo menos cada dous días.
- Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada.

- Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos.
- Tivo atrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou alugueiro, recibos de gas, comunidade...) ou en compras a prazos nos últimos 12 meses.
- Non pode permitirse dispor dun automóbil.
- Non pode substituír mobles estragados ou vellos.

O seis primeiros xa figuraban na lista anterior e engadiuse o último. Desaparecen da lista de carencias a dispoñibilidade de teléfono, televisor ou lavadora, unha vez contrastada a súa pouca utilidade para explicar situacións de privacións materiais.

Pola súa banda, o seis novos conceptos persoais definidos son:

- Non pode permitirse substituír roupa estragada por outra nova.
- Non pode permitirse ter dous pares de zapatos en boas condicións.
- Non pode permitirse reunirse con amigos/familia para xantar ou tomar algo polo menos unha vez ao mes.
- Non pode permitirse participar regularmente en actividades de lecer.
- Non pode permitirse gastar unha pequena cantidade de diñeiro en si mesma.
- Non pode permitirse conexión a internet.

No caso dos menores de 16 anos non se dispón dos seis conceptos enumerados anteriormente referidos á persoa. Para estes menores, os valores deses elementos impúntanse a partir dos recollidos para os membros do seu fogar con 16 ou máis anos.

Baixa intensidade no emprego (nova definición 2021)


Precísase un pouco mellor a definición: son os fogares en que os seus membros en idade de traballar (persoas de 18 a 64 anos, excluindo estudantes de 18 a 24 anos, xubiladas ou retiradas, así como inactivas entre 60 e 64 cuxa fonte principal de ingresos do fogar sexan as pensións) fixérono menos do 20 % do total do seu potencial de traballo durante o ano de referencia.

Esta variable non se aplica no caso das persoas de 65 e máis anos.

De acordo coa nova metodoloxía do indicador AROPE, no ano 2021, un total de 679 302 persoas, que supoñen o 25,2 % da poboación galega, están en risco de pobreza ou exclusión social.

Dito doutro xeito, a taxa AROPE (liña azul da gráfica) sitúase no ano 2021 no 25,2 %, cifra que supón unha décima menos ca no ano precedente. Estamos, por tanto, diante dunha situación de cronificación da pobreza en Galicia.

Gráfica 3. RISCO DE POBREZA OU EXCLUSIÓN SOCIAL



FONTE: INE. Enquisa de condicións de vida. Elaboración propia

A gráfica permite ver as oscilacións dos tres parámetros que compoñen o indicador AROPE.

A liña vermella reflicte a *poboación en risco de pobreza* (con ingresos inferiores ao 60 % da renda mediana nacional por unidade de consumo equivalente), que se reduciu en case dous puntos respecto ao ano precedente ata situarse no 20,2 %, como xa sinalamos máis arriba.

Chaman a atención as oscilacións de todos os parámetros, en especial o de *fogares con baixa intensidade no traballo*, que medra dun 8,7 % no 2020 a un 10,2 % no 2021.

Pola contra, o parámetro *fogares con carencia material e social severa* case se duplica no último ano: pasa do 3,2 % ao 6,2 %, acadando o segundo valor máis alto no período analizado.

Táboa 4. PERSOAS CON CARENCIA MATERIAL

	2012	2015	2018	2020	2021
Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano	48,8	48,3	42,6	37,4	37,1
Non pode permitirse unha comida de carne, polo ou pescado polo menos cada dous días	0,4	1,2	1,3	1,4	2,1
Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada	7,0	13,7	4,8	9,6	13,1
Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	35,2	27,4	20,3	28,1	24,7
Tivo atrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca, alugueiro, gas, comunidade...)	6,0	6,7	3,3	6,2	7,3
Non pode permitirse dispoñer dun automóbil	5,1	2,3	2,9	1,3	1,9
Non pode permitirse dispoñer dun ordenador persoal	5,8	6,7	2,5	5,0	4,5

FONTE: INE. Enquisa de condicións de vida. Elaboración propia

Como xa sinalamos, en situación de privación material extrema atópanse aquelas persoas cuxos fogares non teñen capacidade para afrontar os gastos que se sintetizan nos indicadores recollidos na táboa 4. Diciamos que a situación de carencia material extrema medra no 2021 e tamén o fan os diferentes indicadores: aumentan notablemente as persoas que non poden permitirse unha comida de carne, polo ou pescado polo menos cada dous días, non poden permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada, teñen atrasos nos gastos relacionados coa vivenda principal ou non poder permitirse dispoñer dun automóbil.

Hai que sinalar que o indicador «non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada» mide a carencia enerxética das persoas. O número de persoas en situación de pobreza enerxética, que xa se dobrara no 2020 respecto do 2018, volve incrementarse agora ao pasar de 9600 a 13 100 por mor do incremento dos prezos enerxéticos.

AS POLÍTICAS DE PROTECCIÓN


A RISGA

A renda de inclusión social de Galicia propiamente dita (RISGA) é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber de participar en procesos personalizados de inserción con apoio do sistema galego de servizos sociais e do sistema público de emprego de Galicia. A RISGA configúrase en tres tramos: tramo persoal e familiar, tramo de inserción e tramo de transición ao emprego.

As axudas de inclusión social (AIS) son prestacións económicas non periódicas que teñen como finalidade posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social das persoas ou familias en situación de exclusión social ou de risco de exclusión social, así como atender as situacións de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que poidan desencadear un proceso de exclusión social.

Polo tanto, a RISGA é o instrumento que ten o Goberno galego para atender as persoas con especiais dificultades. Cómpre, pois, analizar como evoluciona para ver o seu impacto na atención á poboación en situación de risco de pobreza ou exclusión.

Gráfica 4. EVOLUCIÓN PERSOAS BENEFICIARIAS RISGA



FONTE: Informes sobre a aplicación e avaliación da Lei de inclusión social de Galicia.
Elaboración propia

Desde o ano 2011 ata o 2021, o número de persoas beneficiarias aumentou un 32,42%: pasou de 7735 no 2011 a 10 243 no 2020. A RISGA xestiónase de forma contida e adecuando as resolucións ao orzamento de cada ano, cuns requisitos restritivos e unha burocracia excesiva que obstaculiza o acceso ás prestacións e impide que estas cumpran co seu obxectivo de ofrecer a cobertura necesaria ás persoas en risco ou situación de pobreza ou exclusión social.

Entre 2011 e 2016, as persoas beneficiarias aumentaron decontino, iniciando desde entón unha tendencia descendente que se agudiza no 2020 e 2021, tanto polo impacto da pandemia como pola implementación por parte do Estado do IMV, do que a RISGA pasa a ser subsidiario.

Esta redución resulta un paradoxo se temos en conta os datos de pobreza analizados, xa que nos atopamos ante unha taxa de risco de pobreza case estrutural, que no último ano alcanzou o 20,2 %: 1 de cada 5 galegos e galegas.

Táboa 6. PERSOAS BENEFICIARIAS DA RISGA E DAS AIS SEGUNDO SEXO

	RISGA			AIS		
	AMBOS OS SEXOS	HOMES	MULLERES	AMBOS OS SEXOS	HOMES	MULLERES
2011	5.416	2.159	3.257	2.319	937	1.382
2012	6.718	2.780	3.938	2.595	1.050	1.545
2013	9.300	3.888	5.412	2.653	1.051	1.602
2014	9.175	3.707	5.468	2.814	1.091	1.723
2015	9.713	3.839	5.874	2.727	971	1.756
2016	10.761	4.277	6.484	2.879	1.118	1.761
2017	10.371	4.007	6.364	2.623	923	1.700
2018	10.163	3.835	6.328	2.913	1.067	1.846
2019	9.783	3.588	6.195	2.804	994	1.810
2020	9.020	3.578	5.442	2.718	1.003	1.715
2021	7.211	2.803	4.408	3.032	1.063	1.969

FONTE: IGE. Beneficiarias da RISGA e das AIS segundo sexo. Elaboración propia

Atendendo ao perfil das persoas beneficiarias, podemos afirmar que se repite e se agudiza o patrón da realidade da pobreza. No 2011, o 59,97 % de titulares dunha prestación da RISGA eran mulleres, porcentaxe que se incrementa ata o 62,26 % no 2021, o que reflicte o maior impacto da pobreza e da exclusión social por motivos de xénero.

Cómpre destacar tamén que as axudas de inclusión social supoñían o 29,98 % das persoas perceptoras dunha prestación da Lei de inclusión de Galicia, porcentaxe que baixa ata o 22,28 % no 2019 e se incrementa no 2020 e 2021 nun 23,16 % e nun 29,60 %, respectivamente, talvez como consecuencia do desenvolvemento do IMV, que se converte na renda de inserción principal.

O ingreso mínimo vital

O ingreso mínimo vital (IMV) é unha prestación económica da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva, dirixida a prever o risco de pobreza e exclusión social das persoas que vivan soas ou integradas nunha unidade de convivencia, cando se atopen nunha situación de vulnerabilidade por careceren de recursos económicos suficientes para a cobertura das súas necesidades básicas.

Defínese como un dereito subxectivo da cidadanía: recibírase sempre que se cumpran os requisitos de acceso. A duración prolongarase mentres persista a situación de vulnerabilidade económica e se manteñan os requisitos que orixinaron o dereito á súa percepción. A Seguridade Social comprobará de maneira regular que, efectivamente, esa persoa ou unidade familiar segue necesitando esta prestación.

Táboa 7. EVOLUCIÓN DO NÚMERO TOTAL DE PERSOAS TITULARES E BENEFICIARIAS (XULLO DE 2021 A SETEMBRO DE 2022)

	TITULARES	BENEFICIARIAS
2021 xullo	14.361	34.597
2022 xullo	19.026	46.428
2022 setembro	20.259	50.415

O IMV aprobouse mediante un real decreto lei en maio do 2020 como un dos elementos do escudo social despregado polo Goberno central para mitigar o impacto da pandemia; pero a falta de medios humanos na seguridade social, a excesiva burocratización e a escasa coordinación interadministrativa fixeron que, nos seus inicios, o acceso a este dereito resultara un labirinto sen saída para moitas persoas.

As sucesivas modificacións normativas operadas sobre o IMV flexibilizaron os requisitos e permitiron ampliar o seu perímetro de incidencia. Non obstante, non podemos facer unha análise cuantitativa da evolución do número de prestacións desde a súa aprobación ata agora, xa que non existe un rexistro estatístico e a publicación dos datos adoita facerse en nota de prensa.

En setembro de 2022 aboábanse en Galicia 20 259 prestacións de IMV, que son 5898 máis que no mes de xullo de 2021. Se a comparación a facemos co número de persoas beneficiarias, vemos que o volume destas aumenta en 15 818 ao pasar de 34 597 en xullo de 2021 a 50 415 en setembro de 2022.

O perfil da persoa titular dunha prestación de IMV en Galicia é o dunha muller (68,75 % do total) cunha idade media de 45,44 anos e que forma parte dun fogar sen menores.

CONCLUSIÓNS

Resulta moi complexo analizar e avaliar a pobreza dada a disparidade de parámetros que se utilizan na súa medición: uns refírense a rendas e, por tanto, son medibles obxectivamente; outros recóllense mediante enquisas, polo que se trata de percepcións e opinións. A esta complexidade engádese a dificultade de dispor de datos suficientes por comunidades autónomas e, especialmente, por provincias.

Mídase como se mida, os niveis de pobreza alcanzan cotas inaceptables. Por iso desde CCOO coidamos imprescindible aproveitar as etapas de crecemento económico para desenvolver políticas que combatan a pobreza laboral, a precariedade e a desigualdade.

Pero alén dos indicadores, a realidade é que son moitas, demasiadas, as persoas que viven unha situación dramática. Segundo o indicador AROPE, no ano 2021, un total de 679 302 persoas están en risco de pobreza ou exclusión social.

E destas, 544 520, o 20,2 % da poboación, viven por baixo do limiar da pobreza (9535 € anuais para unha persoa soa) e por iso están en risco de padecela. Dito doutro xeito, 1 de cada 5 galegos e galegas son pobres.

Non debemos esquecer que os datos que manexamos só reflicten moi parcialmente as enormes consecuencias económicas sufridas por efecto da pandemia. Un dato complementario pode ser o do número de fogares sen perceptores de ingresos, que no 2021 alcanzaba os 30 800 fogares.

Neste grave contexto, as redes de protección social deben desempeñar un papel determinante: o sistema público de pensións e de protección por desemprego e as rendas de inserción deberían cubrir as necesidades básicas das persoas, en especial das que se atopen en situación máis vulnerable. As dúas primeiras van ligadas en maior medida á vida laboral e, como xa vimos no informe, a situación de pobreza conflúe coa de baixa intensidade no traballo, por iso a prestación que debería darlles cobertura aos galegos e galegas en situación de necesidade é a RISGA que ha modificarse para ser compatible co IMV e cubrir aquelas situacións onde este non chega.

O último informe sobre a aplicación e avaliación da Lei de inclusión social de Galicia é de 2021 e indícanos que en decembro dese ano o número de persoas perceptoras da RISGA era de 7211, o de AIS 3032 e que o orzamento utilizado para aboar esas prestacións ascendía a case 44 millóns de euros, o que supoñía unha contía media de 435,21 euros de prestación.



Como xa sinalamos ao longo do informe, o número de titulares do IMV en setembro de 2022 era de 20 259 e a contía media por fogar de 492,25 euros; e que o número de persoas titulares e beneficiarias experimentara un notable incremento como consecuencia das medidas de flexibilización introducidas no 2021 e que entraron en vigor este ano.

Aínda así, unhas 30 491 percibirían rendas de integración e poderíamos estimar que se benefician delas unhas 80 000 persoas; é dicir, só 15 de cada 100 persoas en risco de pobreza en Galicia teñen unha prestación.

Un informe recentemente publicado da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal conclúe que o IMV despregou só unha parte do seu potencial, pero ten percorrido para se converter nun instrumento máis potente na loita contra a pobreza. De feito, en Galicia só chega a un 39 % dos potenciais fogares beneficiarios e podería absorber o 78 % das actuais prestacións da RISGA, o que liberaría recursos para atender tanto os colectivos que quedan fóra da cobertura do IMV como outras necesidades sociais.

Máis flexibilidade nos requisitos, menos burocracia e, en consecuencia, máis orzamento son pasos imprescindibles se queremos reducir a pobreza e a exclusión social en Galicia, que deben ir acompañados doutros como a mellora dos salarios, a recuperación da tarxeta básica, a garantía dunha vivenda digna, o incremento da contía da RISGA ou o reforzo dos servizos públicos.

Desde CCOO seguiremos demandando nos diferentes ámbitos que se combata a pobreza e a desigualdade, mellorando o estado de benestar e a protección social das persoas máis vulnerables.



comisións obreiras